


Memorial do desagravio

ARMANDO REQUEIXO
armandorequeixo@hotmail.com



EL FIEL DE LA BALANZA
MANUEL FRANCISCO REINA
Editorial Cuadernos del Laberinto

Manuel Francisco Reina, novelista, poeta, guionista, crítico literario, dramaturgo, ensaísta, antólogo, orador e mil cousas


máis que adorna co seu don para facer das palabras velañas luces que responden ao seu ditado, regresa á escena literaria co poemario *El fiel de la balanza*, un volume que se integra na colección Anaquel de Poesía da madrileña Editorial Cuadernos del Laberinto e que se acompaña dunha suxestiva ilustración de cuberta de Luis Moro.

El fiel de la balanza é un memorial de desagravio, unha crónica do amor traizoado que precisa dunha reparación pola palabra salvífica, onde os versos son o lenitivo da ferida infiel que precisa de resarcimento.

O poeta foi vulnerado. Amou intensa, denodada, apaixonada, absoluta, irracionalmente. Mais sentiu nas carnes propias a trabada do áspide da infidelidade que esborou o vínculo de afectos que o unía ao ser amado. Por iso estes versos son o relato dunha apostasía, a do amor que foi pero que agora non merece a paixón que nel se depositou, pois a perfidia e a aleivosía demostradas foron tan infames que só a condena á soidade eterna é resposta a tal felonía.

Este exercicio de reparación cobra forma aquí dunha nova biblia do amor lacerado. É este, pois, un novo Libro da Xénese no que o Adán cantor eleva a queixa pola traidora trabada do Evo na mazá. Hai, por tanto, unha conciencia nidia de que a tentación da caída non está no froito, senón na falta de correspondencia, na defeción do outro que non é quen de respectar o bieito lazo da unión: "Quiso el padre que su criatura no estuviese sola y le entregó el amor. Le dio ese fuego que calienta sin llama y por quien el jardín y sus seres tenían sentido, y puso a la perfección la mácula de la serpiente, que no es la prohibición, ni el pecado y su manzana, sino la vulnerable consciencia de saber que nuestra dicha, nuestra vida, la creación entera, depende del otro, aunque el otro no lo merezca y ponga en riesgo todo, hasta a sí mismo, con un puñal de sombra silenciosa y abandono".

A partir de aí só o "Verbo" pode acalmar tanta dor: "su poder para interpretar el universo y cambiarlo, para traducir lo inefable como el dolor, o el miedo, o la muerte, o el amor sin fisuras". E cobran sentido as "Lamentaciones de Adán" ("un necio y desnudo cordero para el sacrificio"),



Manuel Francisco Reina

a discordia por "La manzana" (consciente de "disfrazar de amor con tus mentiras lo que sólo era una escala para conseguir un reino y destruirlo"), a vileza que produciu o "Príncipe de las Mentiras" ("porque gélido es el sentir del que logra su dicha, causando el daño en el corazón de otro"), a expulsión do Paraíso para ir "Al este del Edén" ("Contigo y por ti fui al este del Edén. Dejé la fuente de la luz y mi jardín cerrado, mi tierra de occidente con sus océanos sin límites y su arena de oro y abiertos los ríos de mi corazón ingenuo") e aparece a "Marca de Caín" como unha maldición ("Que el silencio te muerda la sien, como la quijada de un asno, y la soledad tan sólo te siga siendo fiel, en la rotura estéril de los años que vivas, multiplicados hasta por setenta y siete veces siete") e xa nada fica da "Lengua común" dos amantes ("Lengua común que unifica el mundo. Que cohesiona el sinsentido cotidiano de que dos seres encuentren cobijo y calor el uno en el otro") e todo se volve "La torre de Babel" ("Entre las

ruinas de una vida miraste al cielo, y la negrura cerró sus labios confusos, como una maldición de silencio incontestable").

El fiel de la balanza tráenos a lembranza do delator visgo amoroso, explica a síndrome do amputado e da tortura que aínda se sente logo de deixar a parella que tanto mal causou, constata a ingratidade de quen non soubo apreciar a lingua dos anxos que Eros deu aos amantes e, sobre todo, fai balance da razón e da loucura, do ser o do nada e acusa os falsos amigos, os vendedores de fume e as liturxias da depredación.

Palpitantes, aceirados e epifánicos, estes poemas en prosa de *El fiel de la balanza* están escritos co sangue dorido de quen amou ata a extenuación e sentiu no seu imo o veneno ingrato da traizón. Hai neles tanta verdade que enmudece a lectura, mais tamén tan alto poder para cauterizar as feridas abertas que fulguran como un novo grial obrando a milagrosa transfiguración da dor "en florido perfume de palabras".